

AS MULLERES OURENSÁS XA PODEN DAR A LUZ DE XEITO NATURAL NO COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

- ***A conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, visitou hoxe as novas instalacións que supuxeron un investimento de 110.291 euros, incluíndo un completo equipamento destinado a mellorar a comodidade da muller e naturalidade do seu parto, garantindo a seguridade materno-fetal***
- ***No último ano profesionais da Área de Obstetricia completaron a súa formación noutros hospitais, con experiencia neste modelo, e implantaron importantes cambios e melloras no sistema de traballo en prol dun parto menos medicalizado e mais natural***
- ***A totalidade das 13 matronas do servizo asumirán conxuntamente a nova oferta asistencial, o que suporá un importante esforzo das profesionais no tempo dedicado a cada muller, xa que un parto natural ten unha duración maior***

Ourense, mércores 19 de novembro de 2008.- As máis de 1.500 mulleres, que anualmente acoden ao Complexo Hospitalario de Ourense para ter aos seus fillos e fillas, poderán desde agora optar por un parto máis natural e minimamente medicalizado, coa vixilancia materno-fetal precisa para evitar riscos, grazas a implantación desta modalidade asistencial que se enmarca nos obxectivos estratéxicos do *Plan de Atención Integral á Saúde da Muller* da Consellería de Sanidade de dotar á muller dunha maior capacidade de decisión en canto ao seu parto e a humanización deste dentro dos centros sanitarios.

Para elo, o Servizo Galego de Saúde realizou un investimento de 110.291 euros para a remodelación e equipamento dun área específica para este servizo, que foi visitada hoxe pola conselleira de Sanidade, María José Rubio Vidal, acompañada de parte dos responsables da Sanidade pública de Ourense e do secretario xeral do Servizo Galego de Saúde, Cayetano Rodríguez Escudero, que tralo percorrido polo centro reuníronse co persoal do Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia.

A nova unidade está situada na área de atención obstétrica, no primeiro andar do Hospital Materno Infantil, onde conta cunha superficie duns 40 metros cadrados, repartidos nunha ampla sala de dilatación e parto e un baño completo con cabina para uso da paciente. A principal novidade do equipamento, que ascende a 99.623 euros, reside en que todo el coincide no obxectivo de procurar unha maior comodidade e autonomía de movementos para afrontar o proceso do parto nas condicións mais axeitadas a cada muller.

Novo equipamento

Nesta liña, a sala conta cunha novidosa cama automatizada que permite tanto o reposo da muller durante o período de dilatación como a exploración xinecolóxica e o propio parto, grazas a súa convertibilidade e adaptación ergonómica. Xunto a ela, destaca a montaxe dunha bañeira de hidromasaxe, para facilitar a relaxación e a dilatación, e un completo equipo de monitorización materno-fetal, que inclúe doppler fetal e un cardiotocógrafo dotado cun sistema sen cables, para permitir a liberdade de movementos e autonomía da futura nai.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O equipamento complétase cunha cadeira de partos, para aquelas mulleres que opten por esta posición; un berce térmico para o recen nado e material de psicomotricidade para facilitar o posicionamento fetal.

Fomentar a comodidade da muller

A posta en marcha desta nova oferta asistencial ven a completar o importante traballo de readaptación e cambio asumido pola Area de Obstetricia, e moi especialmente polo equipo de matronas. Así, desde novembro do pasado ano, catro destas profesionais e unha xinecóloga completaron unha estadía formativa, parcialmente financiada pola Consellería de Sanidade e o Ministerio de Sanidad, en hospitais de Xirona, Almería, Castellón e Palma de Mallorca con dilatada experiencia en parto natural, para despois estender estes coñecementos ao resto do equipo.

Da reflexión e experiencias, así como dunha serie de reunións formativas posteriores, o Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia do Complexo Hospitalario de Ourense iniciou unha serie de cambios adaptados á totalidade de partos que asisten, co obxectivo de aumentar a confortabilidade da muller, minimizando as incomodidades asociadas a hospitalización e humanizando este proceso na medida do posible.

Grazas a elo, desde hai un ano, todas as mulleres, tanto no momento do parto como da dilatación, poden estar acompañadas por a persoa que ela elixa; descartouse a práctica do rasurado; limitouse o uso de enemas, soros e episiotomías e implantouse, na totalidade de partos, o contacto *pel con pel*, e dicir depositar ao recen nado no regazo da súa nai, nada mais nacer e antes de cortar o cordón umbilical, permitindo o beneficioso contacto físico entre ambos e facilitando a lactación materna incluso desde as primeiras horas de vida.

Ademais das novas instalacións, na actualidade o complexo hospitalario conta con dous paritorios e catro salas de dilatación, que se completan cunha consulta de ambulantes para atender ás mulleres non ingresadas. Todas elas veñen de ser recentemente equipadas con novos monitores de seguimento, e en breve contarán cun novo sistema de telemetría que permitirá o seguimento da monitorización materno-fetal a distancia, desde unha central no control de enfermería, permitindo unha maior intimidade á muller.

Vantaxes do parto natural

Por parto natural enténdese aquel proceso menos medicalizado e coa mínima intervención externa posible, fomentando o maior protagonismo e participación da nai no seu propio parto. Esta individualización do parto, así como as súas características, papel e responsabilidade da nai ou nai-pai, recóllese nestes casos no *Plan de Parto* documento que recolle, do xeito máis fiel posible, tanto a elección e desexos da muller fronte ao seu parto, por exemplo o non emprego de anestesia epidural ou medicación indutora do parto, como a responsabilidade que asume, por suposto sempre dentro das garantías de seguridade asociadas a un hospital.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha das principais vantaxes do parto natural é que o seu tempo e duración ven marcado polo propio proceso, agardándose ao ritmo de cada muller ou parto. O persoal sanitario tan só vixía e observa a evolución, axudando cando e preciso. Así, cando o parto é normal e sen complicacións, non se emprega medicación ou técnicas para aceleralo ou inducilo -oxitocina ou rotura da bolsa- e este xurde cando naturalmente se produce, dando lugar a que, normalmente, sexan procesos mais longos.

Outra das vantaxes é o espazo e a posición. A maioría das mulleres, instintivamente, paren en posición vertical, unha postura que aproveita mellor a forza de gravidade, favorecendo a dilatación e expulsión. Fronte a elo, a elección de momento non é posible nun paritorio normal, dotado do pouco ergonómico potro obstétrico, mentres e a liberdade de movementos limítase na dilatación pola conexión a goteiros ou monitorizacións fetais internas, estas últimas, excluídas do parto natural, no que se tende a limitar os tactos e controis, permitindo o máximo de autonomía da futura nai durante todo o proceso.

Asemade, o parto natural permite unha recuperación moito mais rápida, evitando a estada postparto nunha unidade de reanimación ou despertar, dúas horas nos partos normais e catro nas cesáreas. En canto ao tempo de hospitalización, a estanza media por parto normal no Complexo Hospitalario de Ourense é moi baixo, duns dous días, cinco nas cesáreas, polo que non esta previsto que este se reduza aínda mais.

Para a posta en marcha da nova oferta asistencial, establecéronse distintos contactos destinados a estreitar a coordinación asistencial existente entre atención especializada e primaria, fomentando a continuidade de coidados pre e postparto, que desde hai anos asumen directa e de xeito coordinado as matronas dos centros de saúde de referencia de cada muller.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE EN OURENSE